

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE MARZO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación de Solidaridad Amaranta para a posta en marcha e o mantemento dun recurso de acollida en Ourense para mulleres que sofren violencia de xénero, por un importe total de douscentos cincuenta e dous mil euros (252.000 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Arteixo para a ampliación da avenida da Deputación no polígono de Sabón, por importe total de cinco millóns oitocentos oitenta mil novecentos euros con trinta e un céntimos (5.880.900,31 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Asociación Stop Accidentes para o impulso de novas medidas en defensa da seguridade viaria, por importe de noventa e cinco mil euros (95.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a construción dunha senda peonil na parroquia de Tenorio, por importe total de cincocentos cincuenta mil euros (550.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Betanzos para a execución da actuación de mellora do sistema de abastecemento de Betanzos, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe dun millón trescentos cincuenta mil catrocentos vinte e sete euros con setenta e tres céntimos (1.350.427,73 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación (Gaii), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas (INTA) para a xestión do Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas como centro mixto de titularidade compartida entre as institucións signatarias, por importe dun millón douscentos cincuenta mil euros (1.250.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías na resolución pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego e se convocan para o ano 2020, por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe dun millón seiscentos setenta e cinco mil catrocentos cincuenta e oito euros (1.675.458 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga (Alborada) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe dun millón catrocentos noventa e un mil novecentos oitenta e seis euros (1.491.986 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe de novecentos vinte e oito mil catrocentos trinta e cinco euros (928.435 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de seiscentos dezasete mil catrocentos euros (617.400 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home de atención integral ao persoal en



risco e con trastornos adictivos da Comunidade Autónoma de Galicia e do Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por importe de novecentos corenta e seis mil cincocentos oitenta e nove euros (946.589 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación As Burgas para el Tratamiento y Rehabilitación del Enfermo Alcohólico para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento sesenta e oito mil douscentos cincuenta e tres euros (168.253 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía (Asvidal) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento noventa e oito mil setecentos oito euros (198.708 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (Utaca) Luis Miguel Morás da Coruña para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento noventa e dous mil seiscentos noventa e tres euros (192.693 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento oito mil cento oitenta e catro euros (108.184 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps) para o desenvolvemento do Programa de atención á saúde mental infantoxuvenil na área de Ferrol, por importe de cento cincuenta e cinco mil douscentos oitenta e sete euros (155.287 €).
- Acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva do sistema de monitorización da glicosa necesario para a medición da glicemia en diabéticos tipo I para doentes adultos, por un importe total de oitocentos trinta e catro mil douscentos noventa e un euros con oito céntimos (834.291,08 €) e un valor estimado de catro millóns cincocentos cincuenta mil seiscentos setenta e oito euros con sesenta e catro céntimos (4.550.678,64 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de equipamentos de cobertura cirúrxica con destino aos hospitais do Servizo Galego de Saúde, por un importe de cinco millóns novecentos setenta e un mil catrocentos

noventa e tres euros con setenta e tres céntimos (5.971.493,73 €) e un valor estimado de nove millóns oitocentos setenta mil douscentos trinta e sete euros con corenta e dous céntimos (9.870.237,42 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial EPE e o Servizo Galego de Saúde relativo á contratación precomercial de servizos de I+D no ámbito da investigación sanitaria.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a posta en marcha do deseño, regulamento e implantación do Marco galego de competencias dixitais.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan de formación da automoción 2020-2022.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación, polo procedemento de emerxencia, do expediente de contratación de subministración para a adquisición de equipamentos de ventilación non invasiva, ventiladores volumétricos, ventiladores de transporte, portátiles de raios X con destino aos hospitais do Servizo Galego de Saúde, por importe aproximado dun millón oitocentos vinte e dous mil douscentos noventa e cinco euros con dez céntimos (1.822.295,10 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o anteproxecto de Centro Interxeracional de Vigo.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a situación zoosanitaria do cultivo de mexillón (*Mytilus galloprovincialis*) en Galicia: 2000-2018.

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN AMARANTA PARA O MANTEMENTO DA CASA DE ACOLLIDA DE OURENSE

- ***O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o acordo de colaboración para o ano 2020, financiado con fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero***
- ***Este recurso está integrado na Rede galega de acollemento, que conta actualmente con 85 prazas en toda Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo convenio de colaboración coa Fundación de Solidariedade Amaranta para manter a casa de acollida de Ourense destinada a mulleres vítima de violencia de xénero. Nas instalacións, con 10 prazas, ofrécese apoio, aloxamento, manutención e atención integral, tanto ás mulleres coma aos menores que teñan ao seu cargo.

O Goberno autonómico destinará este ano un total de 252.000 euros ao mantemento deste centro, financiados ao cargo dos fondos para o Pacto de Estado contra a violencia de xénero. De feito, entre os obxectivos do Pacto de Estado figura a necesidade de habilitar recursos como casas de acollida.

Actualmente, a Rede galega de acollemento está formada por sete recursos específicos na Coruña, Lugo, Culleredo, Burela, Ferrol, Ourense e o Cemvi (Centro de Emerxencia de Vigo). Dispoñen en total de 85 prazas, que foron utilizadas en 2019 por 157 mulleres e 139 menores en distintos momentos do ano. En concreto, en Ourense rexistráronse 37 persoas usuarias: 21 mulleres e 16 menores.

Tal e como está previsto na Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a Rede galega de acollemento está integrada por centros que ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e aos menores ao seu cargo que requiran un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranxa aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA ACORDA O INVESTIMENTO DE 5,9 MILLÓNS DE EUROS PARA A AMPLIACIÓN DE CAPACIDADE E HUMANIZACIÓN DO PRINCIPAL ACCESO AO POLÍGONO DE SABÓN, EN ARTEIXO

- *O Goberno galego autoriza a sinatura do convenio de colaboración da Consellería de Infraestruturas co Concello para dar solución ás retencións de tráfico en horas punta na intersección da avenida da Deputación e as estradas AC-552 e AC-551*
- *O convenio asinarase nas próximas semanas para, deseguido, iniciar a contratación das obras, unha vez que o Concello poña á disposición os terreos*
- *As obras definidas buscan o incremento da capacidade da vía por duplicación de carrís ao longo do trazado da vía da avenida da Deputación, desde a glorieta de Sabón ata a intersección coa avenida da Enerxía*
- *A avenida da Deputación pasará a contar con catro carrís entre a glorieta elevada de Sabón e a avenida da Enerxía e reconfigurarase as interseccións, especialmente coas avenidas do Encoro e da Moda*

O Consello da Xunta acaba de dar hoxe o seu visto e praxe á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Arteixo para a ampliación da capacidade do principal acceso ao polígono industrial de Sabón, no municipio de Arteixo.

O Goberno galego autoriza así as actuacións definidas no convenio para a renovación da avenida da Deputación, cun investimento autonómico de preto de 5.9 millóns de euros. Mediante este, o departamento de Infraestruturas da Xunta comprométese tamén a executar as obras, mentres o Concello asume a posta á disposición dos terreos necesarios para a súa execución e a súa conservación e explotación unha vez rematados os traballos.

O convenio asinarase nas próximas semanas para que, deseguido, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade inicie o expediente para a contratación das obras, unha vez que o Concello de Arteixo poña á disposición os terreos para a súa execución.

O principal acceso ao polígono de Sabón é a avenida da Deputación. Esta vía presenta problemas de retencións de tráfico nas horas punta, coa entrada e saída de traballadores das empresas que teñen a súa actividade no polígono. Estas retencións chegan ata as proximidades da rotonda de Sabón e afectan o seu funcionamento e o das estradas autonómicas AC-552 e AC-551.

As obras definidas neste convenio buscan o incremento da capacidade da vía por duplicación de carrís ao longo do trazado da vía da avenida da Deputación, desde a glorieta de Sabón ata a intersección coa avenida da Enerxía.

Deste xeito, a avenida da Deputación pasará a contar con catro carrís entre a glorieta elevada de Sabón e a avenida da Enerxía. Ademais, e de xeito compatible coa funcionalidade do polígono, habilitaranse beiravías, beirarrúas e aparcadoiro nas zonas onde sexa posible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Tamén as obras inclúen a reconfiguración das interseccións, especialmente coas avenidas do Encoro e da Moda, con glorietas cunha sinalización deseñada especificamente para os fluxos de tráfico que se agardan.

No seguinte plano amósase a zona da intervención:



O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN STOP ACCIDENTES PARA IMPULSAR NOVAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA

- *Este acordo, enmarcado no Plan de seguridade viaria 2016-2020, asinarase nas vindeiras semanas para desenvolver as accións este ano e o próximo*
- *O Goberno galego financiará as accións proxectadas, destinando un orzamento de 95.000 euros, e a Asociación Stop Accidentes levará a cabo as actividades*
- *A primeira actuación concreta centrarase na mellora da seguridade na contorna do CEIP Santo André de Xeve, coa execución dun itinerario peonil e ciclista entre A Piolla, O Couso e O Sobral*
- *A segunda iniciativa do acordo é a elaboración de dous proxectos piloto para acadar contornos máis seguros en equipamentos da terceira idade do ámbito rural*
- *Tamén se redactará un manual de seguridade viaria e boas prácticas dirixido aos usuarios do transporte escolar, tanto a alumnos coma a acompañantes ou pais*
- *O cuarto eixo do convenio correspóndese coa realización duns 100 talleres en colexios e centros de maiores para fomentar a necesidade dun comportamento a favor da mobilidade inclusiva, saudable e segura*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Asociación Stop Accidentes para o impulso de novas medidas a prol da mellora da seguridade viaria.

Este acordo, enmarcado no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, abrangue actuacións concretas para mellorar a seguridade na zona de circulación e nas marxes das estradas, protexer os usuarios máis vulnerables e analizar a mobilidade nos camiños rurais ou nos itinerarios escolares.

O Goberno galego conta coa colaboración de Stop Accidentes, unha asociación que promove actividades de sensibilización, investigación e prevención de accidentes de tráfico a distintos colectivos sociais.

O convenio, que se asinará nas vindeiras semanas, desenvolverá as actuacións previstas ao longo deste ano e do próximo. Para isto, a Xunta financiará as accións proxectadas, cun orzamento de 95.000 euros, e a Asociación Stop Accidentes levará a cabo as actividades.

Catro actuacións

O acordo hoxe autorizado prevé a posta en marcha de catro actuacións específicas para contribuír á mellora da seguridade viaria.

En primeiro lugar, impulsarase o diagnóstico e seguimento da redacción do proxecto e da execución das obras para a mellora das infraestruturas no CEIP Santo André de Xeve, en Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Xunta ten prevista a execución dun itinerario peonil e ciclista na estrada PO-223, no treito que comunica os núcleos da Piolla, O Couso e O Sobral. No marco desta actuación, farase partícipe a comunidade escolar, tanto no diagnóstico como no seguimento do proxecto.

En segundo lugar, elaboraranse dous proxectos piloto para acadar contornos seguros para dous equipamentos da terceira idade, nun centro de día ou nunha residencia de maiores, no ámbito rural.

En terceiro lugar, redactarase un manual de seguridade viaria e boas prácticas dirixido aos usuarios do transporte escolar, tanto aos alumnos coma aos acompañantes ou incluso aos pais.

O cuarto eixo deste convenio centrarase na realización de talleres en colexios e centros de persoas maiores das catro provincias galegas, para traballar co contido do manual de seguridade viaria.

Neste sentido, impartiranse uns 100 talleres nestes centros e difundirase o documento de boas prácticas a través de accións de carácter socioeducativo, fomentando a necesidade dun cambio de comportamento a favor da mobilidade inclusiva, saudable e segura.

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA PARROQUIA DE TENORIO, CUN INVESTIMENTO DE 800.000 EUROS

- *Segundo o convenio aprobado hoxe, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade destinará 550.000 á súa execución e corresponderá ao Concello licitar e executar as obras, así como completar o seu financiamento cunha achega de 250.000 euros*
- *O convenio asinarase nas vindeiras semanas e o Concello de Cerdedo-Cotobade poderá iniciar o expediente das obras, co obxectivo de inicialas*
- *Trátase de crear un itinerario peonil homoxéneo de 1,5 metros de largo para adaptar a travesía á normativa sobre accesibilidade e garantir a mobilidade segura neste espazo compartido cos condutores*
- *A intervención inclúe a demolición das beirarrúas existentes, logo da construción de dous muros de contención de terras para mellorar a súa estabilidade, e habilitará un espazo destinado a aparcadoiro ao longo de 150 metros da travesía*
- *A cooperación do Goberno galego co concello pontevedrés enmárcase no fomento de investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, favorecendo o desenvolvemento económico e social e unha maior calidade de vida á cidadanía no rural*

O Consello da Xunta acaba de aprobar hoxe a sinatura do convenio de colaboración técnica e financeira co Concello de Cerdedo-Cotobade para a construción dunha senda peonil na parroquia de Tenorio, cun investimento de 800.000 euros.

Segundo o convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade financiará a intervención na travesía que cruza a parroquia de Tenorio, cun investimento de 550.000 euros. Corresponderá ao Concello a contratación e execución das obras, que financiará cunha achega de 250.000 euros.

O convenio asinarase nas vindeiras semanas e o Concello de Cerdedo-Cotobade poderá iniciar o expediente das obras. A intervención prevé iniciarse neste ano 2020.

A travesía que cruza a parroquia de Tenorio, no suroeste do municipio Cerdedo-Cotobade, ten un largo de calzada de 9 metros, cun carril por cada sentido de circulación e zona de aparcamento de vehículos nunha das súas marxes e na beiravía. Tamén dispón de beirarrúas de largo variable, de entre 0,70 m e 1,70 m, que, na maior parte da súa traxectoria, están moi deterioradas e, nalgúns dos seus tramos, non se adaptan á normativa vixente de accesibilidade.

No acordo de colaboración recóllese a proposta do Concello de demolición das beirarrúas existentes para a construción dunha senda peonil cunha largura de 1,50 metros, logo da construción de dous muros de contención de terras para mellorar a súa estabilidade. Neste espazo construíranse beirarrúas e o espazo destinado a aparcadoiro ao longo de 150 metros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Para a execución das obras recuarase o saneamento e as augas pluviais, así como a iluminación pública. Completaríase a actuación coa sinalización e defensa tanto das beirarrúas coma da propia calzada nas zonas desgastadas.

A cooperación do Goberno galego co concello pontevedrés enmárcase no fomento de investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, favorecendo o desenvolvemento económico e social e unha maior calidade de vida á cidadanía no rural.

Na seguinte imaxe amósase a planta xeral da actuación:



O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA ACORDA UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR A MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTOS DO CONCELLO DE BETANZOS

- *O Executivo galego autoriza a ampliación do convenio de colaboración entre o organismo hidráulico da Xunta e o Concello, cun orzamento total de 1,35 millóns de euros, dos que 250.000 serán achegados pola entidade local*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá nas próximas semanas á licitación das obras, que xa contan coa tramitación previa necesaria*
- *As actuacións para a mellora da planta potabilizadora de Betanzos ten como obxectivo reducir o risco de desabastecemento no municipio*
- *O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento*

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe o investimento autonómico de máis de 1,1 millóns de euros para impulsar a mellora do sistema de abastecemento do municipio de Betanzos.

O Executivo autonómico autoriza así ampliación do convenio de colaboración entre o organismo hidráulico da Xunta e o Concello, ao verse incrementado o importe máximo das intervencións proxectadas ata os 1,35 millóns de euros.

Deste importe, o Concello achegará 250.000 euros e o resto será asumido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que contará ademais co cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020.

Coa sinatura da addenda ao convenio, o organismo hidráulico dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá nas próximas semanas á licitación das obras, que xa contan coa tramitación previa necesaria.

As obras definidas neste convenio consisten na mellora da planta potabilizadora de Betanzos, que actualmente funciona cunha capacidade de produción real significativamente menor á teórica. Polo que o sistema de abastecemento de Betanzos é vulnerable á situación de escaseza de recurso ou aos episodios de elevada turbidez na auga captada.


Segundo o proxecto construtivo redactado, as obras consisten na ampliación da capacidade de produción da planta do Couto e optimizan un proceso físicoquímico na cabeceira da liña de auga, con posibilidade de instalar un tratamento de preoxidación nunha segunda fase. Tamén inclúe a posta en funcionamento da liña de filtros que actualmente está fóra de uso e a creación dunha nova liña de lodos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ao remate das actuacións, a estación de tratamento de auga potable terá unha capacidade máxima de 120 litros/s e dará servizo a unha poboación de 15.612 habitantes previstos para o ano horizonte de 2043.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

No seguinte plano amósanse as instalacións:



A XUNTA E O INTA REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN PARA IMPULSAR A I+D+i NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN AEROTRANSPORTADA DE ROZAS (CIAR)

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará 950.000 euros para a xestión desta infraestrutura clave do Polo Aeroespacial de Galicia, ademais de facilitar ás pemes e centros de investigación o acceso aos servizos que se prestan***
- ***Na adecuación do aeródromo, que conta coa torre de control máis avanzada de España, na construción das infraestruturas e na adquisición do equipamento para o CIAR investíronse 10M €***
- ***Este ano vaise licitar por 5M € un simulador de xestión do tráfico aéreo que permitirá que a Comunidade continúe na vangarda***
- ***O desenvolvemento do CIAR forma parte da Civil Uavs Initiative, que conta cun investimento público-privado de 165M € e dá emprego a máis de 420 persoas, a maioría en postos de alta cualificación***
- ***Ademais dos proxectos desenvolvidos polos socios estratéxicos Indra, Babcock e Boeing, licitáronse 10 contratos que dan resposta a retos concretos para mellorar os servizos públicos co uso de vehículos aéreos non tripulados***

A Xunta e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (Inta) reforzan a súa colaboración para impulsar a I+D+i no Centro de Investigación Aerotransportada (CIAR) de Rozas (Castro de Rei) mediante un convenio para financiar a xestión compartida desta infraestrutura clave do Polo Aeroespacial de Galicia.

O acordo que hoxe foi aprobado polo Consello da Xunta ten unha dotación de 1,25 millóns de euros ata 2022, dos cales a Consellería de Economía, Emprego e Industria achega 950.000 euros (76%), a través da Axencia Galega de Innovación (Gai) e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igapec). Ademais de contribuír ao financiamento dos gastos correntes, a achega da Administración autonómica busca facilitar o acceso ás pemes e centros de investigación aos servizos que presta o CIAR. O Inta contribuír á desenvolvemento do centro cos terreos que ten en concesión, ademais das infraestruturas e o persoal.

O CIAR constitúese como unha infraestrutura aberta que ofrece á comunidade científica e empresarial as instalacións necesarias para o desenvolvemento de proxectos de innovación con aeronaves. Entre os seus fins están apoiar a actividade aeroespacial de Galicia, fomentar o desenvolvemento tecnolóxico do sector, impulsar a innovación, favorecer a colaboración internacional na investigación científica e atraer talento, así como fortalecer as capacidades de universidades, centros e empresas do ámbito aeroespacial.

Este ano vaise licitar por 5 millóns de euros, en colaboración co CDTI, un simulador de xestión do tráfico aéreo U-Space, que posibilitará ao Polo Aeroespacial de Galicia operar como infraestrutura de soporte ao desenvolvemento da tecnoloxía e do regulamento do sector dos vehículos aéreos non tripulados, co fin de ampliar o mercado de usos civís destes e acelerar a xeración de actividade económica e industrial do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O CIAR inclúese na Civil UAVs Initiative, unha estratexia pioneira en Europa, impulsada pola Xunta no eido do Polo Aeroespacial de Galicia co obxectivo de atraer investimentos no sector aeroespacial e desenvolver a industria de sistemas de vehículos non tripulados orientados a mellorar a prestación de servizos públicos. A iniciativa conta cun investimento público-privado de 165 millóns de euros, dos que 104 millóns xa están executados, e dá emprego a máis de 420 persoas, a maioría en postos de alta cualificación. Nos orzamentos de 2020 inclúese unha partida de 15,5 millóns de euros para seguir apoiando esta iniciativa.

Ademais dos proxectos desenvolvidos polos socios estratéxicos Indra, Babcock e Boeing, licitáronse dez contratos que dan resposta a retos concretos e incorporan solucións baseadas en vehículos non tripulados aos servizos públicos.

Grazas ao traballo realizado en Rozas, Galicia é hoxe un referente en Europa no mapa da innovación aeroespacial, especialmente no ámbito dos avións non tripulados. A industria dos drones é un sector en continuo crecemento, tanto en España como no resto do mundo. A nivel europeo prevese que no 2035 haxa máis de 400.000 usuarios desta tecnoloxía, cun mercado que alcanzará unha cifra de negocio de 10.000 millóns de euros ao ano e a xeración de 90.000 postos de traballo.

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA UN 25% AS AXUDAS Á PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL ATA OS 2,5M € TRAS OS ÉXITOS ACADADOS NOS ÚLTIMOS ANOS

- ***O Consello aproba as bases desta convocatoria que introduce como novidade a ampliación do período de xustificación destas subvencións a catro anualidades na procura dunha mellor adaptación aos tempos e procesos de produción do sector***
- ***O obxectivo destas subvencións, que se publicarán no DOG na segunda quincena de marzo, é impulsar e consolidar un sector cultural estratéxico para Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases da convocatoria de subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego para 2020, que aumentan a súa dotación ata os 2,5 millóns de euros. A devandita contía supón un incremento do 25% respecto do ano pasado e dedicarase integramente a novos proxectos de cinema e de televisión promovidos por produtoras galegas independentes.

Esta liña de axudas, convocada anualmente pola Consellería de Cultura e Turismo a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), introduce ademais a ampliación de tres a catro anualidades tanto para a distribución das contías concedidas como para a súa xustificación por parte das compañías adxudicatarias en catro das cinco categorías convocadas: longametraxes cinematográficas de ficción (modalidade A), de animación (modalidade B) e documentais (modalidade C), así como producións e coproducións para a súa emisión televisiva (modalidade E). Pola súa banda, mantéñense as dúas anualidades no caso da modalidade D, destinada a curtametraxes.

Anticipos ás empresas

Estas novidades orzamentarias teñen como obxectivo darlles resposta ás necesidades do sector audiovisual galego, buscando unha mellor adaptación aos períodos e procesos de produción cinematográfica e televisiva. Neste mesmo sentido, encádrase a autorización do Consello da Xunta para aumentar por riba do 50% o anticipo que as empresas adxudicatarias poden solicitar sobre a axuda concedida, así como para quedar exentas do depósito de garantías, de xeito que poidan enfrontar economicamente producións audiovisuais de certa envergadura, sempre que demostren a súa capacidade de financiamento e un avanzado estado de execución dos proxectos.

A convocatoria, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) durante a segunda quincena de marzo, insírese no programa xeral da Xunta de apoio ao sector para 2020, dentro do que xa se atopan en trámite de adxudicación tanto as destinadas á organización de festivais como á promoción do talento audiovisual galego. Nos vindeiros meses poranse en marcha, así mesmo, as dirixidas á fase de desenvolvemento de proxectos e á promoción e difusión en mercados e festivais de recoñecemento internacional.

Estas subvencións teñen como prioridade o impulso dun sector cultural considerado estratéxico para Galicia, de xeito que se contribúa á consolidación dunha industria audiovisual competitiva, con posibilidades de exportar e de darlle rendibilidade social e económica á cultura galega.

Proxección internacional do último ano

Neste sentido, sobresaí a proxección internacional acadada no último ano por varios dos títulos que contaron con axuda autonómica para a súa produción. É o caso da multipremiada *O que arde*, de Oliver Laxe, ou de *O sabor das margaridas*, de CTV, primeira serie en galego emitida en Netflix e subtitulada a 30 idiomas; así como das destacadas seleccións en festivais de *Longa noite*, de Eloy Enciso; *Arima*, de Jaione Camborda; o documental *A media voz*, producido por Matriuska, e *Lúa vermella*, de Lois Patiño.

Así mesmo, acábbase de iniciar en Santiago a rodaxe da serie *3 caminos*, pola que Ficción Producciones resultou adxudicataria da convocatoria especial dunha subvención audiovisual da Xunta con motivo do Xacobeo 2021, mentres que a coprodución galego-portuguesa *Auga Seca*, para a que Portocabo contou tamén co apoio do programa europeo Media, se estreou recentemente na TVG e na RTP portuguesa.

Este ano será, ademais, o da chegada ás pantallas doutros dous agardados proxectos: *A illa das mentiras*, de Paula Cons, con estrea nas salas prevista para finais de abril; e *Ons*, de Alfonso Zarauza, actualmente en fase de posprodución.

O SERGAS DESTINA MÁIS DE 6,4 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DE ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS

- *Durante o pasado ano 2019, estes programas beneficiaron a máis de 8.000 pacientes*
- *A contía dos convenios incrementouse un 10% con respecto ao ano anterior*

O Consello da Xunta autoriza os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e as diferentes asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe de 6.482.993 euros. O Servizo Galego de Saúde destina en 2020 un total de 589.363 euros máis a estes convenios que o pasado ano 2019, é dicir, un 10% máis para cada unha das entidades.

Durante o pasado ano 2019 foron atendidas ao abeiro destes convenios máis de 8.000 persoas.

No desenvolvemento destes programas, as asociacións atenderán toda a demanda xerada, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade na súa respectiva área de influencia. En definitiva, realizarán a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos e ás súas familias atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

As entidades realizarán os programas previstos no proxecto do novo Plan de trastornos adictivos de Galicia, nos cales se atopan como medidas a mellora na atención a persoas que padecen simultaneamente un trastorno adictivo e outro trastorno mental (patoloxía dual) e a atención de terceiro nivel (en réxime residencial) que se presta na comunidade terapéutica. Asemade, tamén se prevé a mellora na coordinación cos dispositivos da rede de saúde mental e a atención primaria e a novas condutas de atención clínica.

Entidades destinatarias

En concreto, as entidades destinatarias das axudas son a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga (ACLAD), que recibe 1.675.458 euros; a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), con 928.435 euros; a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada de Vigo, con 1.491.986; a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (Utaca), con 192.693; a Asociación As Burgas, para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico, con 168.253; a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, con 108.184; e a Asociación Viguesa de Alcohoxía (Asvidal), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias adictivas, con 198.708 euros.

Outras tres asociacións destinatarias destas axudas realizarán a atención integral dos pacientes con trastornos adictivos e dos nenos e mozos con problemas de saúde mental, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade. Dúas delas, a Fundación Monte do Gozo e a Asociación Cruz Vermella de Lugo, traballan no desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos derivados do uso das drogas. A terceira, a Asociación de

Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps), traballa na promoción, tratamento e rehabilitación en saúde mental infanto-xuvenil.

A Fundación Monte do Gozo e o Sergas establecen un convenio de colaboración, no cal o Servizo Galego de Saúde vai destinar un importe de 946.589 euros para o desenvolvemento dos seus programas. A través do convenio de colaboración co Sergas, Cruz Vermella de Lugo recibirá 617.400 euros para realizar a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos e ás súas familias, atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

Tanto nos programas levados a cabo por Cruz Vermella de Lugo coma pola Fundación Monte do Gozo teranse en conta os aspectos necesarios para dar resposta ás necesidades dos colectivos máis vulnerables, atendendo á perspectiva de xénero e ás necesidades específicas das mulleres que padecen este tipo de patoloxías, e darase unha resposta máis completa ás necesidades das persoas que padecen patoloxía dual.

O Servizo Galego de Saúde establece tamén un convenio de colaboración coa Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps) para a realización do programa denominado *Atención e enlace para a promoción, tratamento e rehabilitación en saúde mental infanto-xuvenil* na Área de Xestión Integrada de Ferrol. A dotación económica deste convenio é de 155.287 euros.

Con esta actuación, o Servizo Galego de Saúde busca ofrecer unha atención aos colectivos de maior vulnerabilidade, como é o caso dos menores con problemas de saúde mental infanto-xuvenil e ofrecer apoio aos seus proxenitores a través dos programas psicoeducativos e preventivos.

O obxectivo xeral do programa é apoiar, orientar e asesorar menores que teñen dificultades que poñen en risco o seu benestar persoal e a súa integración social, así como as súas familias e a outros axentes sociais. Isto conséguese a través de estratexias de promoción, prevención, asistencia psicosocial e rehabilitación que garantan unha saúde mental integral.

SANIDADE SUBMINISTRARÁ SENSORES DE MONITORIZACIÓN DE GLICOSA A MÁIS DE 600 ADULTOS DIABÉTICOS

- *Está destinado a pacientes con diabetes tipo 1, que teñan múltiples doses de insulina e seis ou máis medicións de glicemia capilar*
- *Este sistema non invasivo favorece que estes pacientes estean máis controlados, dun xeito continuo, sinxelo e indoloro, e facilita un mellor axuste das doses de insulina*
- *O Sergas xa beneficia desde o pasado ano aproximadamente 800 nenos e nenas con diabetes tipo 1 de toda Galicia e todas as embarazadas que teñan diabetes tipo 1*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a contratación da subministración sucesiva de sistemas de monitorización da glicosa necesarios para a medición da glicemia en diabéticos tipo I para doentes adultos. O orzamento autorizado de licitación é de 834.291,08 euros.

Esta compra permitirá beneficiar 622 persoas que son pacientes con diabetes tipo I, que teñen unha terapia intensiva con múltiples doses diarias de insulina e se someten a unha elevada porcentaxe de puncións. É dicir, a poboación á cal se lle entregará o sensor está definida por aquelas persoas con diabetes tipo 1 que, estando nos grupos indicados, teñan múltiples doses de insulina e seis ou máis medicións de glicemia capilar.

Trátase dun sistema que favorece que os pacientes con diabetes tipo I graves estean máis controlados, dun xeito continuo, sinxelo e indoloro, e facilita un mellor axuste das doses de insulina. Estes sistemas están indicados como alternativa ás tiras reactivas de glicemia en pacientes diabéticos tipo I con control e terapia intensivas xa que é unha tecnoloxía minimamente invasiva. É dicir, o sistema proporciona información sobre os niveis de glicosa sen penetrar nos vasos sanguíneos, permite unha monitorización máis frecuente do paciente e un mellor axuste das doses de insulina necesarias.

Ademais, este sistemas melloran a saúde e calidade de vida dos pacientes, dado que a diabetes é un factor de risco no agravamento de moitas enfermidades e trastornos que afectan o ser humano. O Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo principal reducir a morbilidade e mellorar a vida das persoas con diabetes e para iso ten como unha das liñas de actuación a incorporación de tecnoloxías avanzadas no control da diabetes.

A Consellería de Sanidade xa iniciou en 2019 a prescrición e a distribución dos monitores intermitentes de glucosa para a poboación entre os 4 e os 17 anos con diabetes tipo 1 e para aquelas mulleres que, estando diagnosticadas de diabetes tipo 1, se atopen embarazadas. Así, beneficianse actualmente unhas 800 persoas incluídas nestes grupos (menores de 17 anos e embarazadas). Durante 2019 adquiríronse un total de 12.420 sensores que supuxeron un importe de 616.431 euros.

Sistemas de medición

O Sistema Flash consiste nun sensor que vai adherido ao brazo, un lector e un dispositivo de recepción.

O sensor vai adherido á pel e sen penetrar nos vasos sanguíneos proporciona información sobre os niveis de glicosa. Isto posibilita que as medidas da glicosa sexan frecuentes e posibilita adiantarse ás hipoglicemias e hiperglicemias pola súa capacidade de emitir alertas. Este sensor dura 14 días e non require que a persoa teña que facer medicións mediante picada.

O sistema tamén conta cun lector, que é un aparello que escanea as medicións do sensor adherido á pel do paciente. O Sistema Flash posibilita tamén trasladar todos os datos recibidos a un dispositivo de recepción (que pode ser un teléfono móbil), ao cal se envían de forma constante os resultados das medicións.

SANIDADE CENTRALIZA POR PRIMEIRA VEZ A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DUN SÓ USO PARA QUIRÓFANOS

- *Destínase un orzamento de 5,9 millóns de euros que permitirán a compra de instrumental e material sanitario como lencería dun só uso, xiringas ou sondas, entre outros*
- *Estes equipamentos de cobertura cirúrxica empréganse en todos os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde*
- *O contrato inicial ten unha duración de 3 anos e os prezos da licitación permitirán unha redución estimada dun 13,8%*

O Consello da Xunta acaba de autorizar a contratación da subministración sucesiva de equipamentos de cobertura cirúrxica con destino aos hospitais do Servizo Galego de Saúde. Trátase da primeira contratación integrada do Servizo Galego de Saúde deste tipo de material.

O contrato inicial ten unha duración de 3 anos e un orzamento (IVE incluído) de 5.971.493,73 €, o que supón un aforro para este período de 959.607 €, un 13,8% menos sobre os prezos actuais.

Estes equipamentos de cobertura cirúrxica teñen unha grande importancia nas condicións de asepsia, benestar do paciente, seguridade do profesional e produtividade da actividade cirúrxica e doutros procedementos realizada nos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. En detalle, trátase do material desbotable que se emprega nos centros hospitalarios e o expediente recolle ata 58 lotes con distintos tipos de equipamentos.

É material desbotable que se emprega principalmente en intervencións cirúrxicas e outros procedementos terapéuticos como panos, sabas, batas e outra lencería dun só uso; tamén outro tipo de material como xiringas, sondas, drenaxes ou bisturís.

A centralización desta compra permítelle ao Servizo Galego de Saúde a homoxeneización dos diversos equipamentos de cobertura cirúrxica utilizados en todos os seus centros hospitalarios. Tamén posibilita formular unha compra de forma integrada cunha importante economía de escala e un considerable aforro de custos, coa máxima eficiencia na xestión da compra e loxística e a mellor relación calidade-prezo dos produtos.

SANIDADE ASINA UN CONVENIO CO CDTI PARA DEFINIR UNHA PLATAFORMA QUE INTEGRE TODA A INVESTIGACIÓN CLÍNICA

- ***Solicitarán propostas innovadoras a empresas para que desenvolvan un proxecto integral que abarque todos os aspectos da xestión de datos en ensaios clínicos e outros estudos de investigación biomédica***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), dependente do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. O obxectivo deste convenio é realizar unha contratación precomercial de forma conxunta para a busca dunha plataforma que integre a información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Con este sistema búscase unha xestión integral da información da investigación clínica e unha maior conexión dos datos dos estudos de investigación biomédica e en ciencias da saúde coas historias clínicas electrónicas.

A contratación precomercial obxecto do presente convenio de colaboración contará cun orzamento de 5 millóns de euros. De acordo co convenio constituirase o grupo de traballo que elaborará os pregos da licitación.

O CDTI actuará como órgano de contratación e o Servizo Galego de Saúde coma centro validador da solución innovadora. É dicir, o Sergas porá á disposición as infraestruturas, tecnoloxía e recursos necesarios para pilotar e verificar os posibles modelos postos en marcha.

Na actualidade, en investigación biomédica existen algúns sistemas de xestión de datos de estudos clínicos que cobren partes do proceso de forma independente. No entanto, o Sergas busca unha solución integral que abarque todos os aspectos e as necesidades asociadas á xestión de datos en ensaios clínicos e outros estudos de investigación biomédica e en ciencias da saúde, e a súa interconexión coa actividade asistencial.

Trátase, por tanto, da procura de solucións innovadoras que sirvan de ferramenta de apoio para a xestión de todo o proceso desde o inicio ata a finalización dos ensaios clínicos e doutros estudos de investigación neste campo. Especialmente, Sanidade especifica a medición dos resultados en saúde que permitan chegar dunha forma máis escalada a grupos de pacientes máis amplos, detectando a poboación albo que podería ser candidata a participar.

A compra pública innovadora (CPI) é un modelo de contratación desde o sector público que permite buscar solucións innovadoras a necesidades detectadas pero que actualmente non existen no mercado.

Para os sistemas públicos de saúde, a auditoría e a xestión dos datos derivados das distintas actividades de investigación biomédica e en ciencias da saúde é un reto que precisa da busca de solucións innovadoras.

Aposta pola investigación biomédica

A investigación biomédica e en ciencias da saúde é un dos piares do Sistema Nacional de Saúde como clave para mellorar a calidade e a expectativa de vida dos cidadáns. A investigación no eido da sanidade tamén funciona como motor económico por canto é xerador de emprego e de novos avances científicos e tecnolóxicos que permitirán pola súa vez o crecemento e desenvolvemento industrial do territorio.

Os ensaios clínicos son estudos que forman parte do desenvolvemento clínico de dúas tecnoloxías clave como son os medicamentos e os produtos sanitarios, e que supoñen unha condición fundamental para a avaliación da súa eficacia e seguridade antes da súa autorización e futura comercialización.

As novas terapias avanzadas, terapias biolóxicas ou os anticorpos monoclonais están a cambiar o paradigma dun gran número de patoloxías. Isto fai tamén necesario ir adaptando a organización do Sistema Nacional de Saúde aos novos retos que se expoñen na investigación. Estas tecnoloxías que xa están ao noso alcance, e as que están actualmente desenvolvéndose nas diferentes actividades de investigación mencionadas, fan necesario expor novos escenarios organizativos, tecnolóxicos, de seguridade e mesmo normativos que protocolicen e faciliten a realización dos estudos á vez que se garante o cumprimento da normativa sectorial específica.

A XUNTA ABORDA A ELABORACIÓN DO MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

- *Acreditará o nivel de coñecemento coñecementos, habilidades e actitudes para promover o uso seguro e responsable das tecnoloxías da información de cidadáns e empregados públicos*
- *Toma como referencia o Marco europeo de competencias dixitais para adecualo ao contexto galego, a nivel lingüístico, normativo e de contidos específicos*
- *Busca promover un uso da tecnoloxía dixital dun xeito seguro, crítico, creativo e colaborador, en todos os eidos da vida*
- *Irá acompañado de plans formativos específicos para cada un destes colectivos*
- *Xa se está a tramitar o anteproxecto de decreto que regulará a certificación destas competencias*

A Xunta de Galicia aborda a elaboración do futuro Marco galego de competencias dixitais, aliñado coas estratexias europeas na materia e cumprindo coas obrigas establecidas na Lei 4/2019, de administración dixital de Galicia, para facilitar aos cidadáns e aos empregados públicos o acceso a uns itinerarios formativos que lles permitan acreditar os coñecementos e habilidades que require o actual contexto dixital, tanto para seu desenvolvemento persoal como laboral.

Así se recolle nun informe elevado hoxe ao Consello do Goberno galego pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no cal se dá conta dos avances realizados como o deseño das bases do novo marco de competencias dixitais, o inicio da tramitación do decreto que regulará a súa certificación e dos plans formativos para cidadáns e empregados públicos.

O marco galego

O Marco galego de competencias dixitais toma como referencia o Marco europeo *Digcomp 2.1. The Digital Competence Framework for Citizens*, deseñado para ser un punto de referencia flexible e que pode ser empregado por calquera organización pública ou privada. Igual ca o DigComp europeo, as bases do futuro Marco de competencias dixitais de Galicia constan de cinco áreas competenciais:

Área 1. Información e datos: navegar, buscar, filtrar, avaliar e xestionar os datos, a información ou o contido dixital.

Área 2. Comunicación e colaboración: interactuar, compartir, participar e colaborar a través das tecnoloxías dixitais. Coñecer as regras de comportamento na rede e xestionar a identidade dixital.

Área 3. Creación de contido dixital: facer, refacer ou compor contidos dixitais. Entender como se aplican os dereitos de autor e as licenzas de uso. Inclúe a programación como xeito de expresarnos nunha contorna dixital.

Área 4. Seguridade e privacidade: protexer os dispositivos e os datos persoais, resgardar o privado e preservar a saúde, o benestar e o ambiente.

Área 5. Solución dos problemas e contorna dixital: resolver problemas técnicos, identificar as necesidades de resposta tecnolóxicas, usar as tecnoloxías de xeito innovador e creativo e identificar as nosas carencias nos coñecementos dixitais.

Estas cinco áreas suman ata 21 competencias e determínanse 4 niveis de aptitude: básico, intermedio, avanzado e especializado, que identifican as habilidades e coñecementos necesarios para demostrar o nivel de cada unha das competencias.

Acreditación e formación

Para certificar a acreditación destas competencias estase a traballar na elaboración dun anteproxecto de decreto, cuxo período de consulta pública se pechou o pasado 17 de xaneiro, que determinará os criterios para a certificación, o contido da propia certificación, as formas de obtención do certificado (a través de formación acreditada e exame, por validación de cursos e coñecementos, canles de autoavaliación, etc.) ou o período de vixencia, así como a creación dun rexistro galego de competencias dixitais.

A Dirección Xeral de Función Pública establecerá, dentro do seu ámbito competencial, os criterios para recoñecer estas competencias como mérito ou exixencia no acceso aos procesos selectivos para o acceso ao emprego público ou nos procesos de provisión de cobertura de postos de traballo.

O novo Marco galego de competencias dixitais comporta tamén novos plans de formación específicos, tanto para cidadáns como para os empregados públicos. Neste último caso realizarase en coordinación coas escolas de formación da Administración pública. Tamén se prevé establecer acordos ou convenios de cooperación coas restantes administracións públicas galegas para facilitar o desenvolvemento dos plans de capacitación dixital dos seus empregados públicos.

No caso do plans para cidadanía galega, aproveitarase a experiencia e os recursos en formación dixital da Rede de centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica de Galicia (CeMit), sen prexuízo dos posibles acordos que se poidan establecer con outras institucións ou entes colaboradores, tanto do eido público coma privado.

Competencias dixitais

As competencias dixitais van máis aló de ser hábil ou operativo no uso dos aparellos e dispositivos, senón que implica o uso da tecnoloxía dixital dun xeito seguro, crítico, creativo e colaborador, en todos os eidos da vida.

A creación dun marco de competencias dixitais propio é un compromiso da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, para dar resposta á necesidade de acadar unha cidadanía dixitalmente responsable nun contexto en que a relación coa Administración, a

vida cotiá e o emprego requiren un continuado uso de tecnoloxías da sociedade da información.

GALICIA IMPULSARÁ A FORMACIÓN DE MÁIS DE 9.000 PERSOAS NA INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN DURANTE OS PRÓXIMOS TRES ANOS

- ***O Consello da Xunta de Galicia autoriza o novo plan formativo 2020-2022 que, cun investimento de 11,1M €, mellorará a cualificación de 9.152 alumnos e alumnas a través de 1.120 cursos***

A Xunta de Galicia mantén o seu compromiso co sector da automoción e aposta por ofrecer unha formación que dea resposta ás necesidades do sector para que siga gañando en competitividade e que, pola súa vez, xere novas oportunidades de emprego.

Deste xeito, na reunión do Consello de hoxe acordouse que a través do novo Plan de formación na automoción 2020-2022 se impulsen 1.120 cursos cun total de 9.152 prazas ofertadas, tanto para ocupados como para desempregados. O investimento programado acada os 11,1M €, un 15,6% máis que no período anterior.

Con esta iniciativa preténdese continuar atendendo as necesidades formativas do sector, tendo en conta as accións que soliciten as propias empresas; ademais de contribuír a que o tecido empresarial conte cun capital humano máis cualificado e formar o alumnado en novas tecnoloxías relacionadas coa Industria 4.0.

En concreto, para persoas desempregadas activaranse ao redor de 404 unidades formativas nas empresas, con 6.056 prazas e un investimento de 6,2M €. O obxectivo é ofrecer formación á carta dando prioridade ás profesións mais demandadas dentro do sector e incentivando a contratación. Tamén se realizarán outras accións formativas en entidades homologadas e centros propios da Xunta de Galicia a través de 52 cursos para 764 persoas, cun investimento de 2M €. Polo tanto, ofertaranse máis de 6.800 prazas para persoas desempregadas.

Os traballadores e traballadoras ocupadas optarán a 2.332 prazas a través de 664 cursos aos cales se destinarán 2,9M €. Nesta modalidade, as entidades de formación e as empresas vinculadas á industria da automoción en Galicia ofrecerán unha formación adaptada ás necesidades que identifiquen o propio sector e os axentes sociais e económicos, co obxectivo de permitir a recualificación das persoas traballadoras para mellorar as súas capacidades.

Coa posta en marcha dos novos programas, o Goberno galego aspira a manter a posición de referencia neste sector.

OS PRIMEIROS EQUIPAMENTOS DE REFORZO ANTE POSIBLES CASOS DE CORONAVIRUS CHEGAN AOS HOSPITAIS GALEGOS

- ***Sanidade acaba de adquirir aparellos de radiografía portátil, ventiladores mecánicos non invasivos, ventiladores volumétricos e ventiladores de transporte por valor de 1.822.295 euros***
- ***O Sergas reforzou o seu persoal con 60 efectivos destinados a recoller mostras de coronavirus a domicilio, técnicos para realizar as probas en microbioloxía e persoal de atención telefónica do 061***
- ***A Consellería de Sanidade ten á disposición da poboación o teléfono gratuito 900 400 116 para dar información xeral sobre o coronavirus e lembra que as persoas que sospeiten terse contaxiado deben chamar ao 061***

A Consellería de Sanidade informou hoxe o Consello da Xunta de Galicia da adquisición de equipamentos de radiografía portátil e ventiladores mecánicos non invasivos para a atención de pacientes que poidan resultar infectados polo coronavirus. Este equipamento permitirá reforzar a atención nos propios servizos de urxencias e reducir as posibilidades de contaxio. Ademais, adquiríronse novos equipamentos de ventilación mecánica invasiva para as unidades de críticos e ventiladores de transporte que garantan a ventilación cando teñan que realizar un traslado interhospitalario. O total do investimento é de 1.822.295 euros.

Boa parte deste equipamento xa chegou aos hospitais correspondentes e o resto do material estará no seu destino nos vindeiros días.

No referido aos equipamentos de ventilación non invasiva, destinada á entrada dos pacientes en urxencias de adultos, mercáronse 34 novas unidades, das que cinco son para o Hospital Álvaro Cunqueiro e outras tantas para o CHUS, o mesmo que para o CHUAC. O Hospital de Montecelo ten asignadas tres, igual ca o HULA, o CHUO e o CHUF. Ademais, a cada un dos hospitais comarcais correspóndelles unha destas novas unidades.

Tamén se adquiriron 27 ventiladores volumétricos para as unidades de críticos. Neste caso, son 12 para o CHUO, 8 para o Hospital de Montecelo, 5 para o HULA e 2 para o CHUF. Así mesmo, mercáronse novos ventiladores para o transporte dos pacientes desde os hospitais comarcais ás unidades de referencia. Nestes caso serán 7 unidades, unha para cada comarca.

Nesta compra hai, ademais, 6 novos equipamentos portátiles de raios X para a realización de imaxes radiolóxicas dos pacientes illados en urxencias. Estes equipamentos son para o Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, o Montecelo, o Hospital Público do Salnés, o Hospital Público da Mariña en Burela (Lugo), o Hospital Público Virxe da Xunqueira en Cee (A Coruña) e o Hospital Público de Valdeorras (Ourense).

A definición da aparelaxe necesaria foi decidida polo Comité de Expertos no Seguimento do Coronavirus da Consellería de Sanidade. Este comité está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e Dirección Xeral de Recursos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Económicos da Consellería de Sanidade, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

O Servizo Galego de Saúde refórzase tamén con 60 profesionais máis para facer fronte ao coronavirus. Polo de agora estes reforzos están destinados aos equipos que recollen mostras para analizar a domicilio, aos servizos de prevención dos hospitais e aos de microbioloxía que realizan as probas, e para a atención telefónica do 061.

Protocolos

Desde o Sergas lémbrese que a Consellería de Sanidade ten á disposición da poboación o teléfono gratuito 900 400 116 para dar información xeral sobre o coronavirus. Neste número pódense resolver todas as dúbidas dos cidadáns ao respecto. En calquera caso, para persoas con sintomatoloxía (febre, tose, sensación de falta de aire) e que volvesen de zona de risco ou tivesen contacto con alguén que estivese nalgún deses lugares, tamén está dispoñible o teléfono 061 para consultas.

Sanidade remarca que hai un procedemento específico para as persoas que sospeiten terse contagiado co coronavirus. É importante que se contacte por vía telefónica con servizos sanitarios para que un equipo, formado por persoal de enfermaría e persoal auxiliar, poida recoller mostras para analizar no seu domicilio, evitando en caso de infección a propagación do virus.

Desde o comezo da alerta consensuouse un protocolo de actuación entre o Ministerio de Sanidade e as comunidades autónomas que a Consellería de Sanidade xa trasladou ás xerencias das áreas sanitarias; nel inclúe a definición de caso sospeitoso e os criterios de actuación, que se están a actualizar periodicamente en función da evolución do abrocho e do coñecemento que se vai xerando.

Ademais, tamén se enviaron os protocolos, adaptados á nosa estrutura asistencial, que están dispoñibles na web da Consellería de Sanidade, na epígrafe de saúde pública. Estes protocolos detallan todos os pasos para facer a vixilancia e o control en Galicia, como actuar na detección de casos e no seu manexo, a toma e o manexo das mostras obtidas dos pacientes e como elaborar as enquisas de cada caso para facer un seguimento.

Recomendacións

A Consellería de Sanidade volve reiterar as recomendacións consensuadas entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Sanidade, e lembra que, en liñas xerais, se aconsella adoptar as medidas de autoprotección e limitación da diseminación do virus común a calquera infección respiratoria, como a gripe. Así, extremarase a hixiene das mans, lavándoas frecuentemente, especialmente despois de tusir ou soarse, e cubriranse o nariz e a boca cun pano -preferentemente dun só uso- ao tusir ou esbirrar, ou se non se dispón del, coa cara interna do cóbado. Ademais, evitárase tocar os ollos, o nariz e a boca coas mans.

A XUNTA DE GALICIA PRESENTA O ANTEPROXECTO PARA O CENTRO INTERXERACIONAL DE VIGO QUE SE SITUARÁ NA ACTUAL ESTACIÓN DE AUTOBUSES

- *O obxectivo é reformar e recuperar este edificio emblemático logo de que a terminal de autobuses se trasladade á futura intermodal*
- *Acollerá un centro de día con 80 prazas para persoas maiores, unha escola infantil de 82 prazas, unhas oficinas para técnicos de servizos sociais e un espazo sociocultural*
- *Prevese un investimento de preto de 5 millóns de euros para poñelo en marcha e 1,5 millóns de euros anuais para o seu funcionamento*
- *Esta infraestrutura será sustentable xa que contará con gran luminosidade grazas á súa cuberta transparente, que permite a entrada de luz solar, instalaranse paneis fotovoltaicos para cubrir o consumo eléctrico e o seu aparcadoiro terá puntos de recarga de batería*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o anteproxecto para pór en marcha un centro interxeracional na cidade de Vigo que ten previsto situarse na actual estación de autobuses da avenida de Madrid, logo de que este servizo pase a desenvolverse na futura intermodal. O documento recolle que o investimento necesario para a súa construción é de preto de 5 millóns de euros e de 1,5 millóns de euros anuais para o seu funcionamento.

O futuro centro interxeracional contará cun servizo de centro de día con 80 prazas para persoas maiores e unha escola infantil de ata 82 prazas repartidas en seis aulas que se poderán agrupar por idades en función da demanda. Tamén contará cunhas oficinas para técnicos de servizos sociais e un espazo sociocultural que estará composto por un exterior axardinado e separado do tráfico pola vexetación, unha aula multiúsos, unha sala de exposición e unha cafetería.

O novo centro contará cun xardín interior que estará parcialmente cuberto, para que se poida empregar durante todo o ano, e que poderán usar tanto os usuarios do centro de día como os da escola infantil e dos demais servizos. A creación desta infraestrutura terá un dobre beneficio para a cidade olívica: por un lado, a reforma e recuperación dun edificio emblemático, e por outro, a dotación de novas prazas de atención á infancia e ás persoas maiores.

Plenamente sustentable

O centro interxeracional será plenamente sustentable, posto que a parte central da súa cuberta será transparente, para darlle luminosidade ao conxunto, e nos laterais instalaranse paneis fotovoltaicos. Con estes paneis calcúlase unha produción anual de 655.000 kilowatts ao ano, que é o consumo eléctrico anual que suman 200 vivendas estándar. Ademais, a localización do edificio é outra das características que permite aproveitar ao máximo a enerxía solar, xa que non hai edificios próximos que non lle dean sombra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Pola súa banda, a plataforma dos autobuses transformárase nun aparcadoiro para máis de 230 vehículos, que poderán usar durante o día os usuarios do centros e durante a noite todos os veciños do barrio. Outro dos aspectos para destacar é que no novo aparcadoiro se instalarán puntos de recarga de baterías para coches eléctricos.

Con esta proposta, Galicia tería en Vigo o seu terceiro centro interxeracional, despois dos que xa están a funcionar en Ourense e Arteixo.

Por último, cómpre salientar que este centro interxeracional de Vigo será o terceiro destas características en Galicia, logo dos xa existentes en Ourense e Arteixo e o primeiro financiado pola Xunta de Galicia.

UN INFORME ELABORADO POLA XUNTA CONSTATA O ÓPTIMO ESTADO DE SAÚDE DO MEXILLÓN CULTIVADO EN GALICIA

- *O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe este documento que avalía os exames periódicos de saúde realizados a este produto estrela da acuicultura entre os anos 2000 e 2018*
- *O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño realiza un rigoroso seguimento sobre a situación zoonosanitaria deste molusco con varios puntos fixos de mostraxe en polígonos de bateas e en bancos naturais de toda Galicia*
- *A boa saúde do mexillón galego constátase nos datos, pois a Comunidade galega é a primeira produtora de Europa, cunha produción no 2018 de case 280 mil toneladas e un valor económico de máis de 128 millóns de euros*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) sobre a situación zoonosanitaria do cultivo de mexillón en Galicia entre os anos 2000 e o 2018. Del despréndese que a saúde dos mexillóns cultivados en Galicia se mantén en estado óptimo desde que se teñen rexistros de estudos histopatolóxicos.

Así o acreditan os resultados das mostraxes realizadas en mexillón sobre a presenza de axentes patóxenos durante este período. Este seguimento realízase no marco do programa de vixilancia que desenvolve o Intecmar, que consta dunha rede de control zoonosanitario deste molusco con varios puntos fixos de mostraxe localizados en polígonos de bateas e en bancos naturais de toda Galicia.

A boa saúde da especie en Galicia constátase nos datos de produción, pois a Comunidade autónoma galega é a primeira produtora de mexillón de Europa e unha das principais a nivel mundial, cunha produción no ano 2018 de case 280 mil toneladas que supuxeron un valor económico de máis de 128 millóns de euros. Estas cifras son as máis altas desde o 2007 e as acadadas nos últimos catro anos están arredor ou superan a media de produción da serie histórica, cifrada en 238.000 toneladas.

O estudo elaborado polo Intecmar tamén constata que a maioría dos organismos que conviven (simbiontes) e que poden vivir en estreita relación cos mexillóns non provocan consecuencias negativas. Ademais especifica que os tres parasitos que poderían ter efectos nocivos para o mexillón aparecen en prevalencias baixas, sen efectos negativos a nivel poboacional da especie.

Estes organismos e outros están baixo a vixilancia constante do persoal técnico do Intecmar, que mantén un exhaustivo seguimento da situación do mexillón de Galicia, froito da experiencia acumulada no cultivo e no control da especie.

O Intecmar

O Intecmar iniciou a súa actividade no ano 1992 como Centro de Control do Medio Mariño de Galicia e a mediados dos anos 90 empeza a recollida e procesado histolóxico de mostraxes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de mexillón e ostra plana de distintas zonas de Galicia para o diagnóstico da presenza de axentes patóxicos. Progresivamente foi ampliando o abano de especies de moluscos bivalvos obxecto de control patolóxico. Os primeiros controis en colaboración co Centro de Investigacións Mariñas (Cima) supuxeron a posta en marcha dunha rede de control oficial que se consolidou no ano 2000. Esta rede está dirixida a moluscos bivalvos comerciais, como mexillón, ostras, ameixas, berberechos e solénidos, como navallas e longueiróns, nas zonas de produción galegas, e converte o Intecmar nun centro de saúde do mexillón de primeira categoría.

Así o acreditan feitos como ser o primeiro laboratorio europeo en acadar a acreditación para o diagnóstico de axentes patóxicos mediante técnica histopatolóxica en abril de 2009, conforme a norma UNE-EN ISO/IEC 17025. Ademais, o Intecmar conta con acreditación da ENAC nos outros ensaios de control de moluscos como os de contaminantes químicos, os histopatolóxicos; nas análises de nutrientes en auga de mar; análises microbiolóxicas e ensaios de biotoxinas mariñas. No eido das biotoxinas mariñas destaca a acreditación do método químico para o control das toxinas lipofílicas no 2012, tres anos antes de que fose obrigatorio en toda Europa.